



## Concello de Ribeira de Piquín

### BANDO

#### **PROGRAMA DE TURISMO DO IMSERSO TEMPADA 2021-2022**

O día 30 de xuño de 2021 saíu publicada no BOE a Resolución do 17 de xuño de 2021, do Instituto de Maiores e Servizos Sociais, pola que se convocan prazas para persoas maiores que desexen participar no Programa de Turismo.

#### SOLICITANTES:

- a) Persoas residentes en España que reúnan calquera dos seguintes requisitos:  
Ser pensionista de xubilación do sistema público español de pensións, ser pensionista de viuvez e ter 55 anos cumpridos, ser pensionista por outros conceptos ou perceptor de prestacións ou subsidios de desemprego, en todos os casos con 60 anos cumpridos, ser titular ou beneficiario do sistema da seguridade social, con 65 anos cumpridos.
- b) Os españois residentes no estranxeiro sempre que reúnan os requisitos esixidos no apartado a) anterior e os españois de orixe emigrantes que retornasen a España, sempre que sexan pensionistas dos sistemas públicos de seguridade social do país ou países aos que emigrasen.
- c) Poderán participar o cónxuxe ou parella de feito sen necesidade de que éstos reúnan os requisitos de idade ou pensión. Admitirase como acompañante a un fillo ou filla con discapacidade.

#### MODALIDADES:

- d) Zona Costeira Peninsular: Andalucía, Murcia, Comunitat Valenciana e Cataluña.
- e) Zona Costeira Insular Canarias e Illes Balears.
- f) Turismo de Interior: circuítos culturais, turismo de natureza, viaxes a capitais de provincia e viaxes ás cidades autónomas de Ceuta e Melilla.

#### PRAZO DE PRESENTACIÓN E PREZO DO PROGRAMA:

**Ata o venres 30 de xullo de 2021, inclusive.** Non será necesario que as persoas acreditadas para viaxar en tempadas anteriores, cumprimenten nova solicitude, xa que recibirán un documento no que figuran os datos persoais e de preferencia de destino e que, só no caso de que queiran modificar algún deses datos, deberán devolver ao Imsero no prazo establecido.

**O prezo das prazas é en función do destino e duración da viaxe.**

Para calquera información contactar coa Traballadora Social no Concello de Ribeira de Piquín.

Ribeira de Piquín, 13 de xullo de de 2021.

O Alcalde.

Asdo.- Roberto Fernández Rico

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

